

Marina Núñez Orjales, Secretaria do Concello de Carballo – A Coruña

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 6 de outubro de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"5.- PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POLO PROCEDIMENTO DE TAXACIÓN CONXUNTA PARA A EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO: OBTENCIÓN DE VIARIO NA RÚA EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ. APROBACIÓN DEFINITIVA"

EXPEDIENTE: 2024/U040/000003

ASUNTO: Proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para a execución de planeamento: obtención de viario na rúa Emilio González López. Aprobación definitiva.

REX. ENTRADA: 202599900005252 de data 08/08/2025

PROMOTOR: Concello de Carballo

REDACTOR: Isidro López Yáñez (arquitecto colegiado nº 2261) como integrante da entidade ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.

I. ANTECEDENTES

- O 14/05/2024 (registro saída núm. 202400000003009) os servizos técnicos municipais solicitaron ao Rexistro da Propiedade de Carballo a emisión de certificación de dominio e cargas das parcelas incluídas no ámbito obxecto da expropiación (referencias catastrais 5540901NH2854S0001RF; 5541215NH2854S0001AF e 5541216NH2854S0001BF).

- A rexistradora do Rexistro da Propiedade de Carballo o 11/06/2024, núm. registro de entrada neste concello 202400000003542, remitiu a Certificación solicitada, na que resulta que as fincas non figuran inscritas no dito Rexistro.

- Estudio Técnico Gallego, S.A. presenta o 04/10/2024, núm. registro de entrada 202499900005647, o proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para a execución do planeamento: obtención de viario na rúa Emilio González López, asinado polo arquitecto Isidro López Yáñez.

- Os servizos de intervención municipais emiten a retención de crédito para o desenvolvemento do proxecto de expropiación polo importe de 157.658,49 € (Operación nº 220240016001).

- Os servizos técnicos e xurídicos municipais emiten o seu informe o 19/12/2024 propoñendo a aprobación inicial e a tramitación correspondente do proxecto de expropiación.

- Por acordo da Xunta de Goberno Local do 30/12/2024 apróbase inicialmente o proxecto de expropiación, segundo o documento presentado pola entidade Estudio Técnico Gallego, S.A. en data 04/10/2024, núm. de registro de entrada 202499900005647.

- Sométese o proxecto ao trámite de información pública polo prazo dun mes mediante anuncios publicados: no taboleiro electrónico do Concello (15/01/2025), nos xornais Ideal Gallego e Diario de Bergantiños (16/01/2025 ambos) e no Diario Oficial de Galicia (26/02/2025), xunto coas notificacións individualizadas aos titulares dos bens ou dereitos do mesmo, co traslado da folla de aprecio e a proposta de fixación dos criterios de valoración, segundo o establecido no artigo 118.3 e 118.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 293 do regulamento que desenvolve esta lei (Decreto 143/2016, do 22 de setembro). Así mesmo, publicouse no Boletín Oficial do Estado do 28/01/2025 as notificacións que resultaron infrutuosas, de acordo ao disposto no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/G007/000020

En relación a este trámite, a Secretaría Xeral do Concello emite o 01/04/2025 certificación de exposición ao público co resultado de terse presentadas as seguintes alegacións:

- Rexistro de entrada nº 202500000001055 de data 12/03/2025 (fincas nº 1 e 2).
- Rexistro de entrada nº 202500000001166 de data 18/03/2025 (finca nº 3).
- Rexistro de entrada nº 202599900001623 de data 20/03/2025 (fincas nº 1 e 2).
- Rexistro de entrada nº 202500000001267 de data 26/03/2025 (fincas nº 1 e 2).

- Con data 02/04/2025, núm. de rexistro de saída 202500000001923, remitiuse ao equipo redactor o certificado de exposición pública xunto coas citadas alegacións para a súa valoración.

- Diversas persoas presentan escritos comunicando ao Concello que son herdeiros de Jesús Rodríguez Carballo, titular catastral das fincas nº 1 e 2 do proxecto de expropiación e con referencias catastrais 5541216NH2854S e 5541215NH2854S. Nalgúns deses escritos achégase a documentación acreditativa correspondente:

- Rafael Rodríguez Pardo e Mª José Rodríguez Pardo o 24/02/2025 (núm. rexistro de entrada 202500000000800). Achegan copias dos seus DNI.
- Ramón Rodríguez Conde, representado pola súa muller Josefina Martínez Zas, o 28/02/2025 (núm. rexistro de entrada 202500000000855). Presenta copia do testamento orixinal de Jesús Rodríguez Carballo na que o Notario fai constar que consta acreditado o falecemento do testador.
- Rafael Rodríguez Pardo o 28/02/2025 (núm. rexistro de entrada 202500000000881). Presenta testamento do seu pai (fillo de Jesús Rodríguez Carballo) e poder de Mª José Rodríguez Pardo para representar a súa nai (Mª Esther Pardo Pedernera).
- Ignacio Taboada Torres o 03/03/2025 (núm. de rexistro de entrada 202590000001555). Presenta testamento como herdeiro de Jesús Rodríguez Carballo.
- Mª José Rodríguez Pardo o 05/03/2025 (núm. de rexistro de entrada 202500000000943). Presenta poder para representar a súa nai (Mª Esther Pardo Pedernera) e testamento do seu pai, fillo de Jesús Rodríguez Carballo.
- Mª José Rodríguez Pardo o 07/03/2025 (núm. de rexistro de entrada 202500000000996). Presenta escrito de aclaración de titularidade das parcelas.
- Víctor Agustín Rodríguez Ordoñez o 12/03/2025 (núm. de rexistro de entrada 202500000001049). Presenta testamento como herdeiro de Jesús Rodríguez Carballo.
- Teresa Mª Taboada Rodríguez o 12/03/2025 (núm. de rexistro de entrada 202500000001052). Presenta testamento como herdeira de Jesús Rodríguez Carballo.
- Mª Jesús Fraga Rodríguez o 12/03/2025 (núm. de rexistro de entrada 202500000001053). Presenta testamento como herdeira de Jesús Rodríguez Carballo.
- Mª Esther Piedad Rodríguez Conde o 24/03/2025 (núm. de rexistro de entrada 202599900001718). Persónase no procedemento como filla de Jesús Rodríguez Carballo, non aporta documentación.
- Patricia Mª Rodríguez Mosquera o 28/05/2025 (núm. de rexistro de entrada 202500000002577). Presenta documentación como herdeira de Jesús Rodríguez Carballo.
- Rafael Rodríguez Pardo o 08/09/2025, con posterioridade á presentación do proxecto de expropiación definitivo, comprensivo de informe relativo á titularidade das fincas 1 e 2 (núm. de rexistro de entrada 202500000004970). Presenta certificado de defunción de Manuela Conde Asperot (viúva do titular das fincas expropiadas, Jesús Rodríguez Carballo).

- Con data 08/08/2025, núm. rexistro de entrada 202599900005252, o equipo redactor presenta o documento de aprobación definitiva do proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para a execución de planeamento: obtención de viario na rúa Emilio González López.

- Os servizos técnico e xurídico municipais emiten o seu informe o 24/09/2025 propoñendo a resolución das alegacións e a aprobación definitiva do proxecto de expropiación coa continuación dos trámites pertinentes.

- Os servizos de intervención municipal o 01/10/2025 emiten o informe previo á aprobación definitiva.

II. NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LBRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana (RDL 7/2015).
- Real Decreto 1492/2011, do 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da lei do solo (RVLS).
- Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de decembro de 1954 (LEF).
- Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa (RLEF).
- Real Decreto 1020/1993, do 25 de xuño, polo que se aproban as normas técnicas de valoración e o cadro marco de valores do solo e das construcións para determinar o valor catastral dos bens inmobles de natureza urbana. (RD 1020/1993).
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).
- Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do Concello de Carballo aprobado por Orde do 4 de febreiro de 2016 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (DOG, núm. 39, do 26 de febreiro de 2016 e BOP, núm. 38, do 26 de febreiro de 2016).

III. FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

III.1. CONTIDO DO PROXECTO. MODIFICACIÓNS RESPECTO DO APROBADO INICIALMENTE

O contido do proxecto que se somete a aprobación definitiva amosa grande coincidencia co aprobado inicialmente. As modificacións producidas refírense aos beneficiarios da expropiación das fincas nº 1 e 2 e á proposta de pago en especie dos bens afectados da finca nº 3 debido á existencia de acordo co titular da mesma, segundo consta no escrito de alegacións presentado a este respecto. En base ao anterior, os datos principais do proxecto que se somete a aprobación definitiva son os seguintes:

- Superficie total a expropiar: 623,00 m² de terreos clasificados no PXOM como solo urbano consolidado destinados a sistema viario.
- Outros bens afectados: non figuran no proxecto debido á renuncia do cobro das cantidades que figuran na folla de aprecio e ao pago en especie proposto polo titular da finca nº 3.
- Referencias catastrais e titulares dos bens a expropiar. Figura un informe relativo á documentación sucesoria presentada polos herdeiros do titular das fincas números 1 e 2, Jesús Rodríguez Carballo. Nese informe faise constar que queda acreditada a defunción de Jesús Rodríguez Carballo, e polo tanto, a sucesión a favor dos seus 12 fillos a partes iguais, coa correspondente cota usufrutuaria a favor da súa esposa Manuela Conde Asperot.

- <u>Valor unitario do solo</u> (descontados gastos de urbanización):	215,78 €/m ²
- <u>Valor total do solo</u> (excluído o da finca nº 3):	114.147,62 €
- <u>Valor outros bens afectados</u> (excluídos os da finca nº 3):	0,00 €
- <u>5% premio de afección:</u>	5.707,38 €
- <u>Valor total do expediente incluído o 5% do premio de afección:</u>	119.855,00 €

III.2. INFORME SOBRE AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS

Durante o período de información pública presentáronse catro escritos de alegacións correspondentes aos titulares das fincas 1, 2 e 3. As alegacións respecto das fincas 1 e 2 amosan un contido moi similar e por isto trátanse de forma conxunta.

III.2.1. ALEGACIÓNS referentes ás fincas nº 1 e 2.

Os aspectos aos que se refiren estas alegacións indícanse a continuación, xunto coa resposta do equipo redactor e as apreciacións dos técnicos municipais que asinamos o presente informe.

Contido das alegacións.

Os argumentos que se expoñen nos tres casos son os que se indican a continuación:

- Que a superficie restante da expropiación vese moi minguada e sen posibilidade de utilización dende o punto de vista construtivo e por isto dubidan sobre a legalidade da expropiación parcial. Tamén solicitan que se lles informe da situación en que quedarían as porcións resultantes en canto a poder realizar algún tipo de obra ou edificación.
- En canto á contía da expropiación indican que é moi inferior ao ofrecido no ano 2017, que é inferior ao valor catastral e que está moi lonxe do valor de mercado.

En base aos argumentos anteriores, solicitan:

- Que a expropiación se amplíe ao total da superficie das dúas parcelas.
- Que o importe por m² se incremente de acordo cos prezos de mercado.

Informe de alegacións (apartado 11 do proxecto de expropiación).

No informe de alegacións fanse diversas apreciacións xenéricas referentes a que o obxecto do expediente de expropiación consiste na execución do PXOM vixente, ao dereito dos expropiados a ser debidamente indemnizados economicamente por todos os bens e dereitos afectados, á posibilidade que teñen de aportar a oportuna folla de valoración e á tramitación do pago do xusto prezo no caso de que non se formule oposición á valoración da Administración ou no caso de discrepancia sometemento á fixación do xusto prezo polo Xurado de Expropiación de Galicia (XEG).

En canto aos aspectos concretos que se conteñen nos escritos de alegación fanse as seguintes puntualizacións:

- No referente á posibilidade de ampliar a expropiación á superficie total das dúas parcelas: indícase que o proxecto de expropiación contempla unicamente os bens e dereitos afectados que resultan de necesaria ocupación para a execución das obras previstas como consecuencia directa da expropiación. Que non quedou acreditado a existencia doutros dereitos afectados que puideran ser obxecto de indemnización independente. Por último, engádese que a valoración doutros posibles dereitos como pode ser o **demérito do resto non expropiado** corresponde, previa acreditación deste demérito, ao interesado. Remitindo a estimación do xusto prezo á resolución que dite o XEG.
- En canto á situación urbanística na que quedarían as partes sobrantes das fincas: o informe di que ese aspecto non é obxecto do proxecto de expropiación e que a dita información corresponde ao servizo de urbanismo do Concello.

- No referente ao incremento do importe unitario do solo por m² de acordo cos prezos de mercado: indícase que as valoracións realizáronse segundo o método establecido no RDL 7/2015 e no RVLS.

En base a estas puntualizacións propónse **desestimar** as alegacións.

Análise dos técnicos municipais

- En canto á situación urbanística na que quedarían as partes sobrantas das fincas, cómpre sinalar que se trata dunha superficie de terreo duns 70 metros de largo cunha anchura que oscila entre os 4 e 5 metros, que non resulta edificable de xeito independente.

Non en tanto, pódese adaptar a configuración física da parcela resultante mediante unha operación de reorganización da propiedade, segundo o disposto nos artigos 110 da LSG e 280 e ss do RLSG. Esta operación realizaríase delimitando unha **zona de normalización de fincas** que incluíría a porción non expropiada e as parcelas lindeiras polo norte que teñen as referencias catastrais 5541217NH2854S e 5541214NH2854S, que están vacantes de edificación.

- No referente á valoración dos terreos expropiados, considérase que os valores que se adoptan no proxecto referentes ao momento en que se iniciou o procedemento expropiatorio correspóndese cos valores de mercado nese momento, tal e como se acredita no estudo correspondente que se achega no apartado 4b) do mesmo.

En base ao indicado nos puntos anteriores sumámonos á proposta de **desestimación** que figura no informe do equipo redactor.

III.2.2. ALEGACIÓNS referentes á finca nº 3.

Contido das alegacións.

O propietario da finca nº 3 que ten a referencia catastral 5540901NH2854S manifesta a súa vontade de colaborar co concello de Carballo na consecución dos obxectivos da actuación urbanística e renuncia ao cobro das cantidades que constan na ficha de xusto prezo individualizado do proxecto de expropiación aprobado inicialmente que ascende á cantidade de 37.803,49 €. A cambio solicita que se repoña o cerramento da finca e da nave existente nas aliñacións do PXOM.

Informe de alegacións (apartado 11 do proxecto de expropiación).

No informe infórmase que a proposta do alegante supón un pago en especie que está previsto no artigo 43 do RDL 7/2015 e estima que o valor deste pago en especie é equivalente ao importe da expropiación fixado no proxecto. En base ao anterior propónse estimar as alegacións formuladas.

Análise dos técnicos municipais.

Formulouse consulta do importe dos traballos de reposición do cerramento da finca e da nave nas aliñacións establecidas no PXOM cunhas características similares ao existente, a base de bloque de formigón, estrutura de formigón armado e cuberta de fibrocemento, resultando que o valor é similar. Polo tanto, sumámonos á proposta de estimación que figura no informe do equipo redactor.

III.3. INFORME SOBRE A CONDICIÓN DE INTERESADOS DAS FINCAS 1 E 2

Nos antecedentes faise referencia á presentación de varios escritos por parte dunha serie de persoas que indican que son herdeiros de Jesús Rodríguez Carballo que figura como titular catastral das fincas nº 1 e 2, debido ao seu falecemento, varias destas persoas achegan documentación acreditativa deste extremo.

No apartado 11 do proxecto de expropiación faise unha análise da documentación presentada e conclúese que en base á mesma quedou acreditada a defunción de Jesús Rodríguez Carballo e a sucesión a favor dos seus 12 fillos a partes iguais, quedando a finca a favor dos herdeiros de Jesús Rodríguez Carballo.

Análise dos técnicos municipais.

Entre a documentación aportada polos herdeiros de Jesús Rodríguez Carballo, figura copia do testamento do causante, autorizada polo Notario que foi da cidade da Coruña José Yordi de Carricarte, de data 31/05/1973, nº de protocolo 1016. Ao final da copia do testamento (existen na documentación achegada diversas copias do testamento, todas expedidas para diversos herdeiros do causante polo Notario arquivado correspondente, en todas faise constar que se acreditou o falecemento do testador), o Notario que expide a copia, como sucesor, fai constar que o expide unha vez acreditado o falecemento do testador. Non obstante, non consta acreditado que este sexa o último testamento outorgado polo testador, e polo tanto, o válido. O único xeito de comprobar a dita circunstancia é mediante a emisión dun certificado do Rexistro Xeral de Actos de Última Vontade, no que constan todos os testamentos emitidos polo causante, coa finalidade de evitar incerteza ou conflitos sobre si unha persoa fixo ou non testamento, ou cantos fixo e cal é o último válido. A falta dese certificado, que solo ir acompañado do de defunción, impide a estes informantes dar por válida a transmisión das fincas a favor dos herdeiros do causante, mentres non se aporte a documentación referida (certificado de últimas vontades e certificado de defunción do causante Jesús Rodríguez Carballo).»

III.4. TRAMITACIÓN

Para o desenvolvemento deste vial previsto no PXOM, en solo urbano consolidado, os terreos afectados obteranse, entre outras, mediante expropiación forzosa, de acordo ao disposto nos artigos 129.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e 315.1 do Regulamento desta lei (RLSG, Decreto 143/2016, do 22 de setembro). Esta expropiación cualifícase como urbanística, xa que é un instrumento de execución de planeamento.

Para a valoración dos bens afectados, o proxecto de expropiación aplica os criterios establecidos no Real decreto 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana e o Real decreto 1492/2011, do 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da lei do solo (RVLS).

A aprobación e tramitación desta expropiación urbanística está regulada nos artigos 118 da LSG e 293 do RLSG en relación co disposto na Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de decembro de 1954 (LEF) e o seu regulamento.

Emitido informe sobre as alegacións, someterase o expediente á aprobación do órgano municipal competente.

A resolución aprobatoria do expediente notificaráselles aos interesados titulares de bens e dereitos que figuran no mesmo, outorgándolles un prazo de vinte días, durante o cal poderán manifestar por escrito ante o órgano expropiante a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado.

En tal caso, darase traslado do expediente e a folla de aprecio impugnada ao Xurado de Expropiación de Galicia, a efectos de fixar definitivamente en vía administrativa o xusto prezo, que, en todo caso, farase de acordo cos criterios de valoración establecidos na lexislación vixente (artigo 118.7 da LSG).

Se os interesados non formulasen oposición á valoración no citado prazo de vinte días, entenderase aceptada a que se fixou no acto aprobatorio do expediente, entendéndose determinado o prezo xusto definitivamente e de conformidade (artigo 118.8 da LSG).

Os erros non denunciados e xustificados no prazo sinalado no apartado 2º deste artigo non darán lugar a nulidade ou reposición de actuacións, sen prexuízo de que as persoas interesadas conserven o seu dereito a ser indemnizadas na forma en que corresponda.

O acordo de aprobación definitiva do expediente de taxación conxunta implicará a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados (artigos 118.10 da LSG).

O pago ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, sen prexuízo de que continúe a tramitación do procedemento para a definitiva fixación do prezo xusto (artigo 118.11 da LSG).

O artigo 52.6º da LEF establece que efectuado o depósito e abonada ou consignada, no seu caso, a previa indemnización por prexuízos, a Administración procederá a inmediata ocupación do ben de que se trate (...) o que deberá facer no prazo máximo de quince días.

III.5. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 3.4 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa establece que “4. Cuando expropie la Provincia o el Municipio, corresponde, respectivamente, a la Diputación Provincial o al Ayuntamiento en pleno, adoptar los acuerdos en materia de expropiación que conforme a la Ley o a este Reglamento tengan carácter de recurribles vía administrativa o contenciosa. En los demás casos, la representación de estas entidades corresponde al Presidente de la Diputación y al Alcalde, sin perjuicio de la competencia del Gobernador civil en el supuesto regulado por el artículo 18 de la Ley general. Estos principios no serán de aplicación en cuanto las normas de régimen local o de urbanismo, a que se refiere el artículo 85 de la Ley, establezcan criterios especiales de competencia “. O artigo 85 da LEF determina que “Las expropiaciones que se lleven a cabo por razón de urbanismo y las que en cualquier caso realicen las entidades locales, se ajustarán a lo expresamente dispuesto en la Ley de Régimen Local y demás aplicables, y en lo no previsto en ellas, al contenido de la presente, con las modificaciones siguientes. (...)”.

O expediente de expropiación mediante taxación conxunta encádrase na LSG no título IV, de execución do planeamento, capítulo VI, sistemas de actuación, artigo 118, como un instrumento de xestión urbanística, cuxa finalidade é materializar a ordenación prevista no planeamento.

A actuación a realizar implica o exercicio da potestade expropiatoria por parte do Concello de Carballo, como entidade local territorial conforme ao disposto no artigo 4.1.d da LBRL, artigo 6.1.f) da LALGA e artigo 2.1. da LEF, que establece a atribución desta potestade aos concellos para o cumprimento das finalidades que lle son propias, como nese caso é a execución dunha actuación urbanística prevista no PXOM.

A LBRL, establece no artigo 21.1.j), como atribución do alcalde, a aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

A STS 4731/2023, do 08 de novembro, en canto ao órgano competente en materia expropiatoria considera que “no aparece expresamente mencionada en ninguno de los apartados de los arts. 21 ó 22 de la LBRL, dedicados a enumerar las materias atribuidas respectivamente al alcalde y al pleno, ni cabe incluirla, de forma nítida ni excluyente, en ninguno de dichos apartados, siendo entonces obligado acudir a la cláusula residual de atribución de competencia que la propia legislación de régimen local nos proporciona. Esta cláusula residual se contempla en el art. 21.1.s) LBRL y atribuye tal competencia residual al alcalde”.

En virtude da resolución da Alcaldía de data 26/02/2025 sobre revogación e delegación de competencias da alcaldía na Xunta de Goberno Local, corresponde a este órgano por ter delegadas - entre outras- as atribucións referidas ás “aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídos ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización”. Nesta resolución, tamén se delegou na Xunta de Goberno Local a facultade de expropiación en expedientes de natureza urbanística, no relativo á aprobación inicial, a resolución de alegacións e a aprobación definitiva así como a facultade expropiatoria enmarcable na letra s) do artigo 21.1 da LBRL.

Tomando en consideración o manifestado, e vista a proposta do Concelleiro delegado de Planificación Urbana, Policía e Mobilidade de 02/10/2025, no expediente número 2024/U040/000003, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 632/2025, do 26 de febreiro (BOP nº 46 de 10/03/2025), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas sobre as fincas n.º 1 e 2 do proxecto de expropiación por parte de Mª Jesús Fraga Rodríguez, Rafael Rodríguez Pardo, Mª José Rodríguez Pardo, José Manuel Rodríguez Souto, Miguel Ángel Rodríguez Souto e Víctor Agustín Rodríguez Ordóñez o 12/03/2025 (núm. de rexistro de entrada 202500000001055); Teresa Mª Taboada Rodríguez de data 20/03/2025 (núm. de rexistro de entrada 202599900001623) e Ramón Rodríguez Conde o 26/03/2025 (núm. de rexistro de entrada 202500000001267).

Segundo.- Estimar as alegacións presentadas sobre a finca n.º 3 do proxecto de expropiación por parte de Manuel Varela Ponte o 18/03/2025 (núm. de rexistro de entrada 202500000001166).

Terceiro.- Aprobar definitivamente o proxecto de expropiación forzosa polo procedemento de taxación conxunta para a execución do planeamento: Obtención de viario na rúa Emilio González López, segundo o documento que redactou a empresa Estudio Técnico Gallego S.A, que asina o arquitecto n.º Colexiado 2261, comprensivo da delimitación territorial do ámbito, descrición de bens e dereitos e titulares afectados, fixación de prezos e follas de prezo xusto individualizadas, presentado no Concello o día 08/08/2025 (núm. de rexistro de entrada 202599900005252), e ter por declarada a utilidade pública e a necesidade de ocupación, conforme ao establecido no PXOM aos fins de expropiación (art. 85.1 da LSG).

De seguido indícase o prezo xusto dos bens e dereitos afectados en cada parcela que suman un total de 119.855,00 euros, coa seguinte distribución:

Finca	Ref. Catastral	Titulares (%)	Importe	Premio afección	Total
Finca 1	5541216NH2854S0001BF	JESÚS RODRÍGUEZ CARBALLO (sen DNI/NIF)	58.476,38 €	2.923,82 €	61.400,20 €
Finca 2	5541215NH2854S0001AF	JESÚS RODRÍGUEZ CARBALLO (sen DNI/NIF)	55.671,24 €	2.783,56 €	58.454,80 €
Finca 3	5540901NH2854S0001RF	MANUEL VARELA PONTE DNI: ***312***	-----	-----	-----

Cuarto.- Considerar como acreditada a condición de interesadas das persoas que presentaron escritos a este respecto o 24/02/2025 (núm. 202500000000800), o 28/02/2025 (núm. 202500000000855), o 28/02/2025 (núm. 202500000000881), o 03/03/2025 (núm. 2025900000001555), o 05/03/2025 (núm. 2025000000000943), o 07/03/2025 (núm. 2025000000000996), o 12/03/2025 (núm. 2025000000001049), o 12/03/2025 (núm. 202500000001052), o 12/03/2025 (núm. 202500000001053), o 24/03/2025 (núm. 202599900001718) e o 28/05/2025 (núm. 202500000002577), que figuran nos antecedentes.

Notificar o acordo adoptado ás persoas interesadas titulares dos bens e dereitos afectados, conferíndolles un prazo de vinte días (20) durante o cal poderán manifestar por escrito ante o órgano expropiador a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado.

De non manifestar a súa desconformidade no prazo sinalado de 20 días, entenderase determinado o prezo xusto definitivamente e de conformidade (artigo 293.8 do RLSG). En caso de desconformidade, darase traslado do expediente e da folla de aprezo impugnada ao Xurado de Expropiación de Galicia

Quinto.- No caso de que non se formule oposición á valoración no citado prazo de 20 días, entenderase aceptada a fixada no expediente aprobado, entendéndose determinado o xusto prezo definitivamente e de conformidade (art. 118.8 da LSG).

Sexto.- O acordo de aprobación definitiva do expediente de expropiación por taxación conxunta implica a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados, de conformidade co artigo 118.10 da LSG e a ocupación comportará a necesidade de levantar unha acta nos termos contidos na lexislación estatal (artigo 293.10 do RLSG).

Sétimo.- Autorizar e dispoñer o gasto e recoñecer a obriga de pago por importe de 119.855,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 1510.60000, (código de proxecto 2024.4.1510.1.1. Investimento en terreos), en concepto de prezo xusto do Proxecto de expropiación por taxación conxunta dos bens e dereitos necesarios para a execución do planeamento: Obtención de viario na rúa Emilio González López, de acordo cos titulares indicados no apartado terceiro.

As actuacións do expediente expropiatorio entenderanse en primeiro lugar, cos propietarios do ben ou titular do dereito obxecto da expropiación, polo que se pon de manifesto a conveniencia de presentar certificacións rexistras e demais documentos que acrediten a titularidade dos bens e dereitos afectados, advertindo de que o pago unicamente se realizará a favor dos titulares rexistras do dominio, ou no suposto de fincas que non figuren inscritas, co titular segundo os títulos xustificativos do seu dereito completados con certificacións negativas do Rexistro da Propiedade; no resto dos casos, procederase a consignar na Caixa Xeral de Depósitos o importe dos xustos prezos das fincas. O pago ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 de artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, sen prexuízo de que continúe a tramitación do procedemento para a definitiva fixación do xusto prezo. Unha vez pagado o xusto prezo ou, no seu defecto, consignado o prezo poderase facer efectiva a ocupación dos terreos.

Os documentos que acrediten a titularidade dos bens e dereitos afectados pódense presentar no servizo de urbanismo en horario de 9 a 14 h en calquera momento anterior ao día que se fixe para o levantamento das actas de pago/consignación.

Oitavo.- Convocar os titulares dos bens e dereitos afectados polo procedemento expropiatorio, na Casa Consistorial, sita na Praza do Concello, o día 27 de outubro de 2025 ás 11.00 horas co fin de proceder ao pago do importe da valoración establecida da ocupación dos devanditos bens e dereitos afectados. Coincidindo co acto de pagamento, procederase ao levantamento da acta de ocupación correspondente; o que terá lugar en presenza dun representante da Administración expropiante, e do Sr. Alcalde Presidente do concello de Carballo ou da persoa en quen delegue.

Noveno.- Publicar, no seu caso, o acordo no Boletín Oficial do Estado aos efectos previstos no artigo 44 da Lei 39/2015, de 30 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para aqueles interesados aos que non poida serlle practicada a correspondente notificación por ser descoñecidos, ignorarse o lugar de notificación ou ben, intentada esta, non se houbese podido practicar.

Décimo.- Notificar, no seu caso, o presente acordo ao Ministerio Fiscal para os efectos establecidos no artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, en relación cos propietarios descoñecidos e os non comparecentes no procedemento expropiatorio.

Undécimo.- Publicar a convocatoria para o pago do importe da valoración establecida e levantamento da acta de ocupación de conformidade co disposto no artigo 49 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

Décimo segundo.- Dar conta deste acordo á Concellería da Área de Obras municipais para o seu coñecemento, toma en consideración e tramitación, no seu caso, do correspondente procedemento de inclusión dos bens e dereitos afectados por este proceso no Inventario de Bens e dereitos do Concello de Carballo, así como as persoas designadas nas liñas anteriores.

Décimo terceiro.- Dar conta do presente acordo ao Pleno do Concello para o seu coñecemento e tramitación, no seu caso, da inclusión dos bens e dereitos afectados por este expediente expropiatorio no Inventario Municipal de Bens, e posterior inscrición rexistral dos bens

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/G007/000020

obxecto de expropiación coa correspondente actualización catastral respecto da súa configuración e titularidade.

Décimo cuarto.- Dar traslado aos departamentos de intervención e tesourería aos efectos pertinentes”

E para que conste, aos efectos oportunos, expido este certificado coa reserva establecida no art. 206 do ROF, de orde e co visto e prace da Alcaldesa en funcións María Belén Lendoiro Esmorís, no Concello de Carballo, asinado dixitalmente na data que figura a marxe.

V. e Pr.

Alcaldesa en funcións